



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Desenvolvemento
Rexional e
Desenvolvemento
Local

A Aprendizaxe-Servizo
no eido do
desenvolvemento local

Barrio de Vite

Andrade Mira, Noelia
Bardanca Romero, Sara
Beiroa Rodríguez, Olalla
Villanueva Vázquez, David

Grao en Economía

Maio 2019

Índice

Índice	2
Índice de imaxes	3
Índice de gráficos	3
Índice de táboas	3
Introdución	4
Trazos do Barrio	5
Territorio e poboación	5
Historia do barrio de Vite	9
Descrición do territorio e condicións de vida	11
Ámbito público	11
Ámbito privado.....	12
Rúas e estradas	12
Zonas verdes	14
Colonia felina.....	16
Servizos municipais	17
Seguridade.....	17
Análise DAFO	17
Análise interna	18
Debilidades	18
Fortalezas	18
Análise externa.....	18
Ameazas	18
Oportunidades	19
Propostas de mellora	19
Conclusión	20
Bibliografía	21
Anexo metodolóxico	22
Anexo: Noticias relacionadas co Barrio	25

Índice de imaxes

Imaxe 1. Mapa do barrio de Vite.....	5
Imaxe 2. Avda. de Castelao antes.	10
Imaxe 3. Avda. de Castelao agora.	10
Imaxe 4. Campaña contra as drogas en Vite.....	11
Imaxe 5. Pavimento roto e sen baldosas detrás do Centro Sociocultural.	13
Imaxe 6. Muro con baldosas rotas na rúa de Carlos Maside.	13
Imaxe 7. Tramo no que falta beirarrúa na rúa de García Lorca.	13
Imaxe 8. Baches na Avda. do Burgo das Nacións.....	14
Imaxe 9. Parque Pablo Iglesias antes.	14
Imaxe 10. Parque Pablo Iglesias agora.....	15
Imaxe 11. Zona infantil no Parque Pablo Iglesias.....	15
Imaxe 12. Parque da Ponte Mantible.....	15
Imaxe 13. Parque Xixón.....	16
Imaxe 14. Colonia Felina.	17

Índice de gráficos

Gráfico 1. Evolución da poboación de Santiago e Vite. 2000-2018.	6
Gráfico 2. Peso da poboación de vite respecto a de Santiago. 2000-2018.....	6
Gráfico 3. Evolución da estrutura por idades da poboación de Vite. 2000-2018.	7
Gráfico 4. Estrutura da poboación por idades, vite. 2000.	7
Gráfico 5. Estrutura da poboación por idades, Vite. 2018.....	8
Gráfico 6. Estrutura da poboación por sexo, Vite. 2018.	8

Índice de táboas

Táboa 1. Matriz DAFO.	18
----------------------------	----

Introdución

Neste traballo vamos a realizar unha análise socioeconómica do barrio de Vite, situado na cidade de Santiago de Compostela. O obxectivo principal é coñecer a situación do territorio e valorar as propostas de mellora que se lle poden aplicar.

Para realizar o traballo fixemos varias entrevistas á xente do Barrio e puxémonos en contacto co persoal do Centro Sociocultural, reunindo así información para poñer de manifesto os diferentes problemas que presenta o Barrio e intentar darlles solución co fin de que os seus habitantes se sintan máis orgullosos de vivir en Vite.

Trazos do Barrio

Territorio e poboación

A través das entrevistas realizadas percatámonos de que os veciños non teñen moi clara a delimitación do barrio de Vite, xa que cada un comeza e remata o Barrio en rúas diferentes.

Ademais, por mor dunha división histórica, o barrio de Guadalupe encóntrase dentro do barrio de Vite. A xente que vive en Guadalupe considera que non pertence a Vite, pero a nivel económico e social si se inclúe.

A causa desta división, aparte da igrexa de San Xoán, que sería a propia do barrio de Vite, o barrio de Guadalupe conta tamén coa súa propia capela, a Capela de Guadalupe.

A delimitación oficial ofrecida polo Centro Sociocultural de Vite é a que mostra a seguinte imaxe. Así, o Barrio limita ao Norte e ao Oeste con Vista Alegre, ao Sur coa Almáciga e ao Este con San Caetano.

Imaxe 1. Mapa do barrio de Vite.




Fonte: elaboración propia a partir de Google Maps.

Debido a que os pisos de Vite eran vivenda social, a maior parte da xente que vive no Barrio non é natural do mesmo, é doutras partes de Santiago ou incluso de fóra. Pouca xente da que naceu en Vite quedou a vivir aí, a maioría mudáronse a outras zonas.

Analizaremos a poboación do Barrio a través dos seguintes gráficos.

Analizando os datos poboacionais que obtivemos do Padrón Municipal detectamos que o barrio de Vite sofre un grave problema de perda absoluta e relativa de peso demográfico.


Gráfico 1. Evolución da poboación de Santiago e Vite. 2000-2018.



Fonte: elaboración propia a partir do Padrón Municipal.

Por unha banda, se nos fixamos nos datos absolutos do gráfico 1, vemos que Vite perdeu 1.329 habitantes entre o 2000 e o 2018, o que supón unha caída do 25,50% respecto da poboación que tiña no ano 2000. Así, o Barrio conta actualmente con 3.882 habitantes.


Gráfico 2. Peso da poboación de Vite respecto a de Santiago. 2000-2018.



Fonte: elaboración propia a partir do Padrón Municipal.

Por outra banda, se comparamos a tendencia demográfica de Vite coa de Santiago, vemos no gráfico 1 que son opostas. Deste xeito, Vite foi perdendo peso demográfico pasando de ser un 5,55% da poboación de Santiago no ano 2000 a un 4,05% no 2018, como mostra o gráfico 2.


Gráfico 3. Evolución da estrutura por idades da poboación de Vite. 2000-2018.



Fonte: elaboración propia a partir do Padrón Municipal.


Outro problema que ten o Barrio é o envellecemento. Cada vez é maior a porcentaxe de poboación que representan as persoas maiores de 60 anos sobre o total, como pode observarse no gráfico 3.

Gráfico 4. Estrutura da poboación por idades, Vite. 2000.



Fonte: elaboración propia a partir do Padrón Municipal.


Gráfico 5. Estrutura da poboación por idades, Vite. 2018.



Fonte: elaboración propia a partir do Padrón Municipal.

Se observamos os gráficos 4 e 5 podemos ver que no ano 2000 a poboación maior de 60 anos representaba un 15% do total e en 2018 este grupo de poboación pasa a representar o 34%, mostra do proceso de envellecemento que sufriu o barrio.

Gráfico 6. Estrutura da poboación por sexo, Vite. 2018.



Fonte: elaboración propia a partir do Padrón Municipal.

En canto á estrutura por sexos, podemos observar no gráfico 6 que o Barrio segue as tendencias xerais, cunha pequena superioridade da porcentaxe que supoñen as mulleres.

Historia do barrio de Vite

O barrio de Vite naceu na década de 1970 sobre o que era o antigo polígono de Vite e as leiras da xente que vivía no monte de Vite, de aí o seu nome. A intención era acoller á nova poboación que chegaba a Compostela, maioritariamente dende o campo ou emigrantes retornados, e tamén integrar a xente en risco de exclusión social. Para logralo, púxose en marcha un plan de creación de vivendas sociais por parte do Ministerio de Vivenda, levándose a cabo en cinco fases, e cada fase correspondía a un conxunto de vivendas.

As vivendas comezaron a entregarse a partir de mediados dos anos setenta. Cando se rematou o plan e todas as vivendas estaban entregadas, Vite era o barrio máis grande de Santiago. Tanto é así, que durante a década de 1980 o barrio de Vite era o que decidía a alcaldía de Santiago, ao contar con aproximadamente 30.000 habitantes.

Vite tivo moi mala fama xa que durante a década de 1980, no contexto da problemática das drogas, e máis concretamente da heroína, se estableceu como un barrio marxinal debido á súa ubicación periférica, adecuada para o comercio de drogas. Era considerado o 'Bronx' de Compostela. Foron uns anos duros para o Barrio nos que morreu moita xente debido a problemas como o SIDA ou a heroína.

No marco do Plan de Prevención da Delincuencia (1987) que se desenvolveu en Compostela, o barrio de Vite levou a cabo na década de 1990 o Plan Socio Comunitario de Vite, actualmente tutelado pola Asociación de Veciños Polígono de Vite, para atallar a problemática da conflictividade social. Foi un dos primeiros programas comunitarios en Galicia e un dos mellor organizados a nivel de asociacionismo de toda España, xa que conseguiu organizar a 27 entidades do barrio. A situación do Barrio mellorou moito, case todo se traballaba por comisións ou organizacións e chegou ata a haber un periódico do Barrio. Este plan serviu para cambiar o sentimento que tiña a xente de vivir nun polígono a vivir nun barrio. Nestes anos tamén se contruíron gran parte das infraestruturas que se poden observar no Vite actual, xa que dende aquela case non se construíu nada novo.

Vite sempre foi un barrio obreiro, de xente adicada á construción e ao sector servizos. Actualmente a situación do Barrio é moi diferente. A poboación reduciuse moito, está moi envellecida e conta cun 20% de estudantado. A súa ubicación entre a Xunta, a estación de autobuses e o Campus Norte da USC fai que sexa un bo lugar para vivir para estudantes ou profesores, ademais de ser un sitio tranquilo.

Imaxe 2. Avda. de Castelao antes.



Imaxe 3. Avda. de Castelao agora.



Imaxe 4. Campaña contra as drogas en Vite.



Descrición do territorio e condicións de vida

A través da investigación realizada podemos describir o Barrio da seguinte maneira:

Ámbito público

Vite conta cas seguintes infraestruturas públicas:

- Centro de Saúde de Vite.
- Pavillón Municipal de Vite.
- Centro Sociocultural José Saramago - Vite.
- Escola Infantil de Vite, Colexio Público CEIP de Vite I, IES Arcebispo Xelmírez II.
- EOI de Santiago de Compostela (Antiga Escola Infantil de Vite).

O Centro de Saúde é o que lle corresponde aos estudantes do Campus Norte da USC, aparte de corresponderlle tamén aos habitantes da zona. Ademais, como a poboación local está moi envellecida, a súa localización supón unha vantaxe pola proximidade.

O IES Arcebispo Xelmírez II acolle a estudantes de Vite e dos seus arredores, ademais de acoller a estudantes de concellos veciños como Val do Dubra, Trazo e Sigüeiro.

En canto ao Colexio de Vite, todas as persoas que entrevistamos están conformes co nivel educativo do centro e co seu profesorado.

O Centro Sociocultural José Saramago de Vite é considerado urbano, correspondéndolle, nun radio de 500 metros, un total de 3.525 habitantes, é dicir, xente dos barrios de Vite e San Caetano, aínda que tamén acude xente doutros barrios próximos, como por exemplo San Roque.

O Centro conta con 1.626 metros cadrados de superficie construída repartidos en 3 andares e 12 salas:

- 4 salas normalizadas: biblioteca con 35 postos de lectura, aula de informática con 15 ordenadores, sala de xogos e sala de convivio.
- 7 salas polivalentes: salón de actos con capacidade para 150 persoas, 5 salas polivalentes e unha sala de xuntas.
- 1 sala reservada: escritorio.

Os usuarios do centro teñen á súa disposición unha gran cantidade de actividades, tanto lúdicas como formativas, e algunhas delas de balde.

- Actividades para nenos: venres e sábados lúdicos, conversas en inglés, pintura creativa...
- Actividades para mozos/adultos: apoio ao estudo, conversas en español, inglés e arabe, club xuvenil, club de lectura, club de teatro, pintura creativa, estimulación para a memoria...
- Actividades para a xente maior: club de teatro, pilates e estimulación da memoria.

Ademais, hai clases de informática, manualidades, bailes latinos e de salón, costura e confección, pintura, ximnasia, etc.

Ámbito privado

En canto á iniciativa privada, podemos atopar os seguintes negocios:

- Dúas farmacias.
- Catro bares (Cafetería Itatti, Café Bar Anxo, Bar García Lorca, Cafetería Fisterra)
- Tres pequenas tendas de alimentación (Supermercado Taigon, A Tenda do Barrio, Bollería Carmela Pollos Asados)
- Tres perruquerías (M. José Rey Ramas, Puri Cortegoso, Beatriz Brea Peluqueros)
- Clínica Dental Castelao, unha academia, unhas clases particulares, un zapateiro, unha tenda de serigrafía e un despacho de avogadas.
- Hotel NH Collection Santiago de Compostela.

Para a oferta de locais dispoñibles e o tamaño do territorio, esta cantidade de negocios privados é escasa.

A maioría dos baixos dos edificios están pechados e pertencen a mans privadas, as cales piden un alto aluguer por eles. Soen ser de pequeno tamaño e deteriorados, tanto por dentro como por fóra. Estas semellan ser algunhas das causas polas que non prospera o negocio local.

Rúas e estradas

Case todas as rúas do Barrio precisan un lavado de cara, sobre todo as perpendiculares a Castelao. A maior parte das beirarrúas contan con baldosas rotas, levantadas ou incluso lles faltan, formando grandes fochancas cando chove. Estes pavimentos en mal estado poden provocar caídas dos veciños e de calquer outro que pase polo Barrio.

Ademais, falta un tramo de beirarrúa na Avda. do Burgo das Nacións, entre a parada de autobús da R.U. Burgo das Nacións e a Facultade de Ciencias da Comunicación, e outro tramo na rúa de García Lorca.

En xeral, o estado das estradas é bo, a excepción de toda a Avda. do Burgo das Nacións, pero sobre todo á altura do Colexio de Vite, que presenta bastantes e profundos baches.

Imaxe 5. Pavimento roto e sen baldosas detrás do Centro Sociocultural.



Imaxe 6. Muro con baldosas rotas na rúa de Carlos Maside.



Imaxe 7. Tramo no que falta beirarrúa na rúa de García Lorca.



Imaxe 8. Baches na Avda. do Burgo das Nacións.



Zonas verdes

Á zona de Vite pertencen os seguintes oito grandes parques:

- Parque Alexandre Bóveda, con zona infantil e dúas pistas deportivas.
- Parque José Zeca Afonso.
- Parque Xixón, con zona infantil e pista deportiva.
- Parque Fermín Bouza Brey, con pista deportiva.
- Parque Eduardo Blanco Amor.
- Parque Pablo Iglesias, con zona infantil e pista deportiva.
- Parque da Ponte Mantible.
- Parque dos Irmandiños.

Este é un dos puntos fortes do Barrio, as numerosas zonas verdes e árbores que recorren as súas rúas. O seu bo mantemento axuda a mellorar a imaxe do Barrio e que sexa unha zona máis bonita para vivir, sobre todo no caso de que residan familias con nenos

Imaxe 9. Parque Pablo Iglesias antes.



Imaxe 10. Parque Pablo Iglesias agora.



Imaxe 11. Zona infantil no Parque Pablo Iglesias.



Imaxe 12. Parque da Ponte Mantible.



Imaxe 13. Parque Xixón.



Colonia felina

A Asociación Abeiro ten ao seu cargo varias colonias felinas ao longo de todo Santiago, pero non é a única. Estas asociacións viven da axuda desinteresada da xente e tamén das subvencións que lles dá o Concello.

Todas as colonias están divididas, por decilo de algún xeito, en gatos propios da colonia e gatos itinerantes, aqueles que non viven alí pero sí se acercan para comer ou relacionarse cos gatos da zona. Os gatos dormen e teñen a súa comida nunhas casetas de madeira.

Unha das colonias de Abeiro está no barrio de Vite, detrás dos bloques de edificios da Rúa de Carlos Maside. A Asociación encárgase de castrar os gatos e ten en cada colonia unha ou varias persoas voluntarias encargadas de alimentalos e vixialos.

A colonia de Vite ten en total arredor de 52 gatos, dos cales corenta e pico son propios da colonia e 25 deles están castrados. A persoa responsable desta colonia lévalles de comer e beber aos gatos todos os días, e necesita mínimo 2 quilos de penso, os cales compra ela voluntariamente, xa que a Asociación destina a maior parte dos seus recursos a castrar os gatos e facerse cargo da súa saúde, que é máis caro que alimentalos.

A responsable quéixase de que o Concello, a pesar de ter a obrigaón por lei de coidar estes gatos (La Voz de Galicia, anexo), non se fai cargo deles nin lles presta a mínima atención. É a Asociación a que se encarga de todo e o Concello nunca pregunta nin se preocupa polo estado dos gatos.


A semana pasada, por exemplo, os responsables de limpar as zonas verdes, cortaron a herba de arredor das casetas pero tamén destruíron os arbustos que as rodean e tapan, os cales facían máis seguro o seu hábitat e os protexían un pouco máis da xente que os intenta envelenar.

Ademais, é necesario que se incremente a contía das subvencións que o Concello dá ás asociacións ou que as reparta mellor, xa que non necesita a mesma cantidade de cartos unha asociación con dúas colonias que outra con seis ou sete.

A maior parte da xente que entrevistamos non coñece a existencia desta colonia felina no Barrio. Os que sí a coñecen consideran que “os animais hai que coidalos” e que “a veces ata

molestan”. Só unha das persoas que entrevistamos está de acordo en que existan este tipo de colonias por todo Santiago.

Imaxe 14. Colonia Felina.



Servizos municipais

Os veciños consideran que o servizo de recollida de lixo se podería mellorar, sobre todo o do cartón.

En canto aos sumidoiros, hai queixas xeralizadas sobre o seu saneamento, xa que desprenden malos olores, especialmente cando fai calor. Ademais, na Avenida de Castelao obsérvase que os sumidoiros son escasos e de pequeno tamaño, polo que cando chove intensamente fórmanse torrentes de auga na zona baixa.

Un aspecto no que todos os veciños están de acordo é na boa comunicación do Barrio co resto de Santiago, grazas ás catro liñas de bus urbano que pasan pola zona, a L5, a LC2, a LC4 e a L15, que comunican Vite coa estación de buses, o centro de Santiago, Vista Alegre, Galeras, o Campus Sur, Fontiñas e a zona dos hospitais.

Seguridade

Aínda que a xente de fóra do Barrio, debido aos malos comezos relacionados coas drogas, ten unha mala imaxe do mesmo, a xente que vive e/ou traballa en Vite síntese segura.

Análise DAFO

Despois de analizar a situación do Barrio recolleemos na seguinte táboa DAFO as debilidades e fortalezas, ameazas e oportunidades, que corresponden a análise interna e externa do territorio, respectivamente.

Táboa 1. Matriz DAFO.

Análise Interna		Análise Externa	
Debilidades	Fortalezas	Ameazas	Oportunidades
<ul style="list-style-type: none"> - Escasa iniciativa privada - Locais comerciais pechados - Envellecemento da poboación - Falta de ascensores - Mala fama 	<ul style="list-style-type: none"> - Boa comunicación transporte urbano - Zonas verdes - Ubicación - Aparcadoiros - Gardería, colexio e centro de saúde 	<ul style="list-style-type: none"> - Traslado da estación de autobuses - Despoboamento 	<ul style="list-style-type: none"> - Diminución do tráfico - Zona residencial - Proximidade Campus Norte - Colaboración coa USC

Análise interna

Debilidades

- A escasa iniciativa privada e o pequeno tamaño dos locais provoca que a maior parte deles estean pechados. Isto supón unha falta de dinamismo económico que tampouco axuda a que a xente vexa Vite como unha zona atractiva.
- A escasa xuventude e o acusado envellecemento da poboación danlle unha imaxe pouco viva ao Barrio.
- Un dos maiores problemas é que en ningún dos primeiros edificios que se construíron hai ascensores, polo que supón un inconveniente tanto para a xente que vive en Vite como para atraer novos habitantes.
- O pasado conflictivo do Barrio segue sendo un prexuízo para a xente de fóra.

Fortalezas

- A boa comunicación do Barrio a través das liñas de autobús urbano supón unha vantaxe para desprazarse por toda a cidade.
- Conta con numerosos parques, zonas verdes e pistas deportivas que incentivan a facer vida no barrio, pasar tempo libre...
- Vite encóntrase ben situado, posto que se atopa cerca da Xunta de Galicia, da estación de autobuses e do Campus Norte. Isto supón unha vantaxe, xa que os traballadores da Xunta, os profesores do Colexio ou da Universidade e mesmo os estudantes poden vivir no Barrio.
- É unha zona na que hai numerosas prazas para aparcar tanto para residentes como para xente allea.
- O Barrio conta con servizos educativos e de sanidade básicos e necesarios, o que supón un incentivo á hora de escoller vivenda.

Análise externa

Ameazas

- O traslado da estación de autobuses ó lado da estación de tren para crear a Intermodal supón a perda de proximidade respecto dela, obrigando ás persoas que viven na zona norte a coller un autobús ou taxi para desprazarse a ela.

- O envellecemento da poboación e a nula chegada de xente ao Barrio vai provocar a longo prazo un despoboamento nel.

Oportunidades

- A construción da autovía de Aradas, que comunica o Polígono do Tambre coa estrada Santiago-Carballo, reduce notablemente o tráfico de camións e turismos que antes pasaban por Vite, aproximadamente 4.000 vehículos (El Correo Gallego, anexo), diminuíndo a contaminación acústica e favorecendo un mellor ambiente residencial.
- A boa ubicación do Barrio, os seus servizos e as numerosas zonas verdes fan de Vite un lugar cun ambiente favorable para que se convirta nunha futura e importante zona residencial.

Propostas de mellora

Tras a análise do territorio a través da matriz DAFO e as entrevistas cos veciños, consideramos as seguintes propostas como unha maneira de dinamizar o Barrio e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.

- No Parque Alexandre Bóveda é necesario renovar a zona de xogos infantil xa que a actual está moi deteriorada. Ademais sería de interese encher a fonte do parque de auga como estaba fai anos.
- Na Avenida de Castelao é preciso engadir e cambiar os sumidoiros actuais por uns de maior tamaño.
- En canto ao lixo, é convinte instalar máis contedores, substituílos por uns máis grandes ou que o servizo municipal de recollida de lixo sexa máis frecuente.
- O máis importante para o Barrio é revivir o negocio local. Isto poderíase levar a cabo mediante axudas por parte do Concello aos emprendedores que se animen a abrir un negocio en Vite.
Entre os negocios máis necesarios para os veciños estarían un supermercado grande, unha tenda de lambetadas preto do polideportivo, un quiosco, unha tenda de fotocopias...
- Ningún dos edificios do barrio conta con ascensor, polo que unha das máis importantes suxestións que propoñemos é que se instalen en todos os bloques. Dado que a maior parte da poboación son persoas maiores e dependen da pensión, o Concello podería prestar axuda de diversas maneiras:
 - Ofrecendo a man de obra necesaria e que os veciños se encargasen do pago do ascensor.
 - Eximindo as obras dos seus correspondentes pagos de permisos e licencias.
 - Funcionando de intermediario coas entidades bancarias para reducir os costes dos créditos, no caso de seren necesarios.

O coordinador e a encargada do Centro Sociocultural tamén propuxeron algunhas medidas dinamizadoras:

- Recalcaron a necesidade de instalar ascensores nos edificios.
- Botar abaixo e construír de novo a rúa Domingo A. de Andrade, xa que a súa construción é pésima, non tendo espazo aproveitábel a pesar de ser unha rúa ampla. Sería convinte que toda estivese á mesma altura e fose peonil, co fin de reconvertila nun espazo máis favorable ao emprendemento (chill out, bares, restaurantes...).

Ademais habería que restrinxir o paso e o aparcamento de vehículos, só dispoñible o paso en coche pola rúa para aquelas persoas que viven nela.

Aparte destas propostas, coas que estamos totalmente de acordo, propoñemos dúas ideas máis. A primeira sería que se realice un acordo entre o Concello e a Universidade para que os alumnos poidan realizar actividades de voluntariado coidando as persoas maiores do barrio, como xa se fai con outras asociacións e institucións de Santiago. O coidado das persoas consistiría en acompañalas no seu día a día, pasar tempo con elas, axudarlle nalgunhas tarefas... e a cambio os alumnos poderían obter créditos.

Ante a problemática de perda de peso demográfico e de envellecemento da poboación, e tendo en conta os atractivos que presenta o Barrio, como a súa ubicación e a gran cantidade de zonas verdes, a nosa segunda idea sería levar a cabo unhas políticas para intentar atraer novos residentes, como por exemplo, unha campaña de márketing ou incentivos como beneficios fiscais ou axudas económicas.

Conclusión

Dende a súa orixe, o Barrio foi cambiando pouco a pouco deixando atrás o problema das drogas e convertíndose nun barrio tranquilo para vivir. Ao mesmo tempo, deuse un avellentamento da poboación e un descenso dos negocios locais.

Estas características poden provocar, se non se toman medidas, que o Barrio acabe desaparecendo ou quede deshabitado.

Bibliografía

Centro Sociocultural José Saramago - Vite. Información e cesión de imaxes antigas.

Concello de Santiago. Anexo I: As instalacións da RSC.

Concello de Santiago. Padrón Municipal.

Compostela Verde. Parques e Xardíns de Santiago. Recuperado o 10/04, 2019, de

<https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/>

La Voz de Galicia (2018): *“Centramos o plan comunitario de Vite na prevención e con moi bo resultado”*. Recuperado o 10/04, 2019, de

https://www.lavozdegalia.es/noticia/santiago/2018/01/13/span-langglda-asociacion-vecinos-da-coordinadora-vitespanspan-langglcentramos-plan-comunitario-vite-na-prevencion-moi-bo-resultadospanspan-langglasociacion-vecinal-spanspan-langglplan-socio-comunitario-span/0003_201801S13C12992.htm

Anexo metodolóxico

Para coñecer un pouco mellor o Barrio e a súa xente fixemos unha serie de entrevistas a persoas da rúa e dos negocios. Entrevistamos a un total de 8 persoas: 4 delas só traballan no barrio, 2 viven no barrio pero non naceron nel, unha vive e traballa no barrio e só unha naceu no barrio, vive e traballa nel.

A modo de exemplo recolleemos aquí tres das entrevistas realizadas:

Entrevista 1: Persoa que vive en Vite pero non é natural do barrio.

1. Cal é a delimitación de Vite?

“Dende a rotonda de arriba de San Caetano ata San Juan”.

2. Historia de Vite e cambios importantes que se deron no barrio.

“Non che sei porque aínda que vivo aquí, non son de aquí”.

3. Que sentimento de pertenza ten polo barrio?

“Algún si pero sinto máis por donde son realmente”.

4. Que opina sobre a colonia felina?

“Paréceme ben que os haxa sempre e cando non os envenenen, porque hai máis quen os envenene que quen os coide. Eu vivo abaixo onda a gardería e aí hai señoras que os coidan, pero a fonte aquela tiverona que vaciar porque lle botaron veneno aos gatos”.

5. Onde fai a compra?

“En Gadis de Vista Alegre”.

6. Notouse moito a crise no barrio?

“A min polo menos si e coido que no barrio tamén”.

7. Que opinión ten sobre a xente nova de Vite? (que veñan estudantes...)

“Que veñan estudantes paréceme moi ben, así énchese o barrio, xa que a maioría somos xente maior e vámonos indo. Paréceme moi ben que veña xente nova”.

8. Pasa o seu tempo de ocio no barrio ou vai a outra zona?

“Eu de luns a venres pásoo aquí, despois o fin de semana vou para Sar, que eu son de Sar, por iso digo que teño máis arraigo por alí”.

9. Está satisfeita coa recollida de lixo, limpeza das rúas, etc...?

“Si, estou satisfeita”.

10. Está satisfeita coa comunicación do barrio co resto da cidade?

“Si, tamén estou satisfeita”.

11. Está satisfeita cos servizos sanitarios e educativos do barrio?

“Tamén”.

12. Síntese segura no barrio?

“Ahora si, tempos atrás non porque había o que había”.

13. Que bota de falta en Vite? Propostas que dinamicen a vida social e económica do barrio.

“Hai tanto que facer... Por exemplo, poñer un parque novo alá abaixo onde está o colexio, que ese está moi antigo. Tamén volver a poñer auga na fonte, que para iso a puxeron. E tamén é moi importante que lle poñan sumidoiros á rúa (Avda. de Castelao), que cando chove e baixa a auga inúndase todo, parece unha piscina alá todo polo Burgo”

Entrevista 2: Persoa que vive en Vite, é natural do barrio e traballa nun negocio local.

1. Cal é a delimitación de Vite?

“Dende San Caetano ata abaixo á entrada de Vista Alegre”.

2. Historia de Vite e cambios importantes que se deron no barrio.

“O barrio cambiou moito, antes os edificios eran moi vellos e agora están modernizados, igual que as aceras, antes estaba todo doutra maneira, había menos espazo, agora está máis para pasear a xente”.

3. Que sentimento de pertenza ten polo barrio?

“Si, eu levo aquí toda a vida”.

4. Que opina sobre a colonia felina?

“Bueno...”.

5. Onde fan a compra?

“Ou vou a tenda do barrio ou ao Gadis que está aí abaixo”

6. Notouse moito a crise no barrio?

“Si, unha temporada. Agora parece que volve outra vez, pero houbo unha temporada que estivo bastante baixiño”.

7. Que opinión ten sobre a xente nova de Vite?

“Ben, de momento non houbo ningún problema nin nada”.

8. Pasa o seu tempo de ocio no barrio ou vai a outra zona?

“No, vamos a outras zonas para cambiar, pero bueno polas tardes case sempre por aquí nos parques”.

9. Está satisfeita coa recollida de lixo, limpeza das rúas, etc...?

“Bueno, eso non moito, polo menos polos contenedores, que desde que romperon e eso é un pouco incómodo pero bueno, despois o barrendeiro bastante ben”.

10. Está satisfeita coa comunicación do barrio co resto da cidade?

“Si, eso ben”.

11. Está satisfeita cos servizos sanitarios e educativos do barrio?

“Sanitarios regular, educativos ben. No centro médico para pedir cita a veces tardan un pouco, eu por exemplo no pediatra unha vez que fun ca nena non estaba e mandábanme ir a outro pueblo que me quedaba máis lexos que ir aquí a Urgencias”

12. Síntese segura no barrio?

“Si, eu de momento nunca tiven problema”.

13. Que bota de falta en Vite? Propostas que dinamicen a vida social e económica do barrio.

“Nos edificios ascensores, algo que faría moita falta, porque a maior parte son xente maior e aínda que non o sexas eu, que vivo nun cuarto, ao subir todos os días cas nenas e cas compras acabas morto. Despois do resto está ben, a min gústame”.

Entrevista 3: Persoa que traballa nun negocio do barrio pero non vive nel.

1. Cal é a delimitación de Vite?

“Yo creo que está bien conforme está delimitado, es más o menos desde donde está la Xunta, lo que pasa es que aquí tienen puesto como zona de Vite de Arriba y de Abajo, lo que no te sé decir es donde empiezan. El barrio de Guadalupe creo que no pertenece pero yo no soy del barrio, no te sabría decir”.

2. Que opina sobre a colonia felina?

“Bien, a mi me gustan mucho los animales, con lo cual estoy muy de acuerdo en que haya colonias felinas. Creo que no le hacen daño a nadie, están además cuidados y castrados para que no haya demasiados gatos abandonados ni nada de eso, y a mí me parece bien que ahora haya colonias”.

3. Notouse moito a crise no barrio?

“Bueno este es un barrio trabajador, aquí la gente la verdad es que trabaja, aquí en el negocio tampoco hemos notado mucho entonces no te puedo decir, la economía de cada quien la gobiernan ellos, pero en el negocio todo el mundo responde bien. Negocios en el barrio ya no hubo muchos, yo llevo aquí 12 años y muchos locales ya estaban cerrados de antes”.

4. Está satisfeita coa recollida de lixo, limpeza das rúas, etc...?

“Hasta hace poco si, ahora ya no. No sé si es que los contenedores son pocos para el barrio, que creció, pero cuando quieres ir a tirar cartón, primero voy a mirar y después vengo a ver si lo puedo tirar, porque está a veces abarrotado. Lo que es de basuras, no estoy de acuerdo que si la gente lo ve lleno tiren allí la basura, lo lógico es traerlo de vuelta”.

5. Está satisfeita coa comunicación do barrio co resto da cidade?

“Aquí líneas de buses hay bastantes, yo creo que en cuestión de autobuses está bien comunicado, yo no lo cojo mucho entonces no te puedo asegurar. Aparte es una zona donde hay mucha gente mayor y tienen un buen servicio con los hospitales, lo malo es que (los autobuses) no cumplen el horario”.

6. Está satisfeita cos servizos sanitarios e educativos do barrio?

“Yo por lo que tengo oído la gente está contenta, tanto con el Centro de Salud como con las escuelas, la gente que conozco nunca habló mal. Siempre puede haber algún problema con la gente que va al médico pero son problemas cotidianos, y con el colegio la gente está contenta”

7. Síntese segura no barrio?

“Lo de segura hasta ahora sí, a mí nunca me pasó nada, he trabajado aquí siempre y no tuve problema excepto estos últimos meses que parece ser que robaban muchos bolsos, pero la gente no era del barrio. Aquí en el negocio hemos tenido dos atracos pero bueno, no significa que no me sienta segura, no pasó nada grave, pasa como en otros sitios”.

8. Que bota de falta en Vite? Propostas que dinamicen a vida social e económica do barrio.

“Bueno, lo ideal sería que hubiera más supermercados, tenemos el Gadis, un Día y poco más, después tienes que irte al centro, eso sí se puede echar en falta. Yo es que al no vivir aquí tampoco hago aquí la compra ni nada, igual no noto cosas que hagan falta. Quizás comercios sí que podría haber más, el problema es que los autónomos si no tienen ayudas y el barrio tampoco tiene mucho movimiento no van a tener un buen despegue, entonces la tienda pequeña tiende a cerrar. La gente ahora vive de los centros comerciales y aquí ahora tampoco hay muchos espacio, aunque está bien comunicado con As Cancelas. Creo que no es un barrio que está muy separado del centro de Santiago y que pueden tener coordinación para desarrollarse bien”.

Anexo: Noticias relacionadas co Barrio

La Voz de Galicia (2017): *Los concellos deberán hacerse cargo de las colonias de gatos callejeros.* Recuperado o 16/04, 2019, de https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2017/04/06/concellos-deberan-hacerse-cargo-colonias-gatos-callejeros/0003_201704G6P28992.htm

El Correo Gallego (2019): *Abierta la variante de Aradas, que retirará 4.000 vehículos del centro de Santiago.* Recuperado o 23/04, 2019, de <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/abierta-variante-aradas-retirara-4-000-vehiculos-centro-santiago/idEdicion-2019-02-04/idNoticia-1163408/>